



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Programación de Coro. Curso 24-25

Cmus Profesional Xan Viaño. Ferrol.



Catarina Pita Evia



1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	5
	2.1 Organización do tempo e do espazo.....	5
	2.2 Temporalización.....	5
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	7
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	8
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6	Obxectivos.....	9
7	Contidos de Coro.....	11
8	Avaliación de Coro.....	12
9	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	17
10	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	17
11	Recursos didácticos.....	18
12	PROBAS DE ACCESO.....	19
	12.1 Probas de acceso 2º a 6º de grao profesional.....	19



1 Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolven os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

O coro, polas súas características intrínsecas, é un espazo de formación de primeira orde non só para aprender a técnica vocal, senón tamén para reforzar os coñecementos adquiridos noutras materias. Desde este modo de ver, o coro tamén permitirá contribuír a facer un percorrido polas épocas e os estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

A propia práctica interpretativa, tal e como esta se decantou definitivamente a partir das innovacións levadas a cabo no período romántico, opera unha distinción fundamental entre os instrumentos, segundo estes puidesen ou non inserirse na estrutura e nas necesidades cotiás dunha orquestra sinfónica. Como regra xeral, pódese afirmar que os instrumentos homofónicos forman parte desta, en canto que son os polifónicos, precisamente pola súa propia condición, os que permanecen á marxe desta, igual que, por motivos ben diferentes, os chamados instrumentos históricos, en desuso xa antes do nacemento da orquestra tal e como hoxe a concibimos.

Se o currículo de ensinanzas profesionais de música acolle a materia de orquestra ou, de ser o caso, de banda ou de conxunto, resulta tamén obrigada a inclusión dunha materia



que opere de igual maneira na formación do alumnado. Neste sentido, impónse tamén unha materia que incorpore, por un lado, un matiz de colectividade e, por outro, unha relativización do papel que xoga o intérprete na consecución dos resultados finais.

Dada a autosuficiencia dos instrumentos polifónicos, a práctica coral halles proporcionar aos instrumentistas unha perspectiva nova. Así, o hábito de interpretar varias voces a un tempo pode redundar nunha perda da capacidade para cantar, para dicir coa máxima concentración musical unha única voz. «Para tocar ben cómpre cantar ben», di un antigo proverbio italiano. O instrumentista, por así dicilo, afástase da polifonía e retorna á orixe, á monodia e á primeira canle expresiva posible: a voz humana. Vaina utilizar con maior naturalidade e flexibilidade que o seu propio instrumento, e vai afrontar a interpretación dunha melodía (ou unha voz do tecido polifónico) cunha musicalidade e unha intuición cantable con frecuencia entorpecidas pola complexa técnica do seu instrumento.

Xa que logo, cantar converterase nun modelo e nunha vía alternativa de aproximación á música, desligada da lenta e complexa aprendizaxe dunha técnica. Os alumnos e as alumnas sentirán como as barreiras que parecían interporse entre o seus corpos e os seus instrumentos desaparecen, e como a música xorde con espontaneidade e de inmediato. É o seu propio corpo quen a produce desde o seu interior, e que, pola súa vez, actúa como executante e como caixa de resonancia. É o corpo quen se transforma en música, experiencia que sen dúbida enriquecerá o alumnado e modificará substancialmente a perspectiva da súa aproximación ao instrumento.

Por outra banda, igual que sucede coas materias de orquestra, de banda e de conxunto, a actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un *modus operandi* de carácter fortemente individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na cal a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos, que non requiren da participación do intérprete para conseguila), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos para acadar. A actitude de escoita e de adecuación da súa voz á dos seus compañeiros de rexistro, por unha banda, e á suma de todo o conxunto, por outra, redundarán tamén en beneficio da amplitude de miras e do enriquecemento musical do instrumentista.

O coro ha fomentar, ademais, as relacións humanas entre o alumnado, afeito a unha práctica instrumental individual. Como na execución orquestral, o coro incentivará tanto



unha actitude de disciplina como a necesidade de seguir as indicacións da dirección, de xeito que o traballo realizado nos ensaios pode dar os seus froitos no concerto ou na interpretación da versión definitiva dunha obra. A sensación, como integrantes dun corpo colectivo, será tamén moi diferente, xa que o alumnado sentirá a responsabilidade compartida, ao se ver apoiado e, dalgún xeito, protexido polos demais membros cos cal, sen dúbida, xurdirán relacións de compañeirismo e de intercambio.

A historia amósanos como as capelas musicais de catedrais, igrexas e cortes constituíron a mellor escola para formar compositores e instrumentistas ou cantantes. Algúns países da nosa contorna cultural conservaron esta tradición e moitos dos seus músicos máis salientables iniciaron a súa formación deste xeito. A actividade coral permite un achegamento á gran tradición polifónica -particularmente rica no caso do noso país- e, non menos importante, ao riquísimo patrimonio folclórico. Este contraste entre repertorio culto e popular, relixioso e profano, acentúa aínda máis, se cadra, a importancia desta disciplina coral e a necesidade da súa inclusión no currículo das ensinanzas profesionais.

2 Metodoloxía

2.1 Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme ás necesidades organizativas de todas as materias. Para este curso contaremos co auditorio xa que é preciso un espazo amplo para a formación integrada por 66 alumnos/as que proporcione a posibilidade dunha renovación do aire e unha boa ventilación e sonoridade para a masa coral.

2.2 Temporalización

A materia de coro impártese cunha frecuencia dunha vez a semana. A clase é dunha hora de duración.

O tempo na aula debe estar sumamente organizado, para que despois da lectura dunha obra, se poida comentar a súa escritura, axuste da afinación, e formular un guión de traballo co tempo axeitado para o grupo e poñendo atención ós distintos parámetros da interpretación. Este traballo debe ir seguido con aportacións sobre a época, estilo e o autor, así como dos autores de música coral máis influentes nese período.



3 Atención á diversidade

A continuación detállanse as NEAE concretadas na orde do 8 de setembro de 2021. As NEAE citadas anteriormente e que non se detallan a continuación están pendentes do desenvolvemento normativo da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE): Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural: aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- Alumnado con altas capacidades: considérase alumnado con alta capacidade intelectual ao alumnado precoz no eido cognitivo, ao alumnado talentoso nun (talento simple) ou varios eidos cognitivos (talento múltiple, talento complexo ou talento conglomerado) e ao alumnado superdotado. Para acadar unha adecuada identificación deste alumnado é necesario a administración de probas de avaliación actualizadas nos eidos cognitivo e creativo.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo: cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfase curricular.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar: un alumno/a pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na



evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Con respecto á materia de Coro, aplicaranse os seguintes principios xerais atendendo a cada necesidade.

- Adaptacións do material didáctico. Adaptación das partituras seleccionadas.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Flexibilizar o tempo de preparación do repertorio a primeira vista se fose necesario.

4 Temas transversais

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, na materia de Coro traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

- **Educación ambiental:** será abordada a través do interese despertado polos estudos de contaminación acústica: fomentaremos a atención do propio alumnado á produción excesiva de ruídos no entorno e á atención ao silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- **Educación para a saúde:** a práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento. Incidiremos na educación postural, adquisición dun correcto ton muscular, así como o aproveitamento da



respiración. O coñecemento da voz e dos cambios que se producen nela é fundamental á hora de considerar a hixiene vocal.

- **Educación para a igualdade entre sexos.** Como punto de partida previo a toda actividade musical debemos ter presente o principio de integración, e o respecto mutuo a todos os integrantes na nosa actividade musical. Ademais de abordar actividades concretas como o papel da muller na música.
- **Educación para a paz e a tolerancia,** inculcando o respecto cara as persoas do entorno inmediato, ou diferentes culturas do mundo tanto coa práctica instrumental como coa audición activa de obras. A aceptación das regras de actuación, a adecuación no plano sonoro axeitado, a atención aos demais na práctica instrumental... implica un acatamento das normas, imprescindible á hora de considerar o desenvolvemento social do individuo.
- **Educación para o ocio,** achegando ao alumnado ás diferentes ofertas existentes con respecto a actividades musicais extraescolares, que favorezan un crecemento da súa sensibilidade musical, cultural e sentir estético.
- **Educación do consumidor:** resulta imprescindible desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante o fenómeno musical, considerando a forte presión exercida na sociedade polos medios de comunicación.
- **Educación moral e cívica.** A música amosou a súa relación coa sociedade ao longo do tempo, polo que a súa contribución á educación cívica aparece como unha constante en todas as épocas. Ademais, este tema transversal debe estar presente referido aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor...

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc.

Ademais a biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento.

A aula na que se impartirá a materia de Coro no presente curso, o auditorio, conta con conexión a Internet, un proxector e pantalla ubicado no escenario, ademais dun sistema de amplificación sonora.



5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades, no caso de que neste curso se poidesen realizar, estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc... Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6 Obxectivos

6.1 Obxectivos xerais do Grao Profesional

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en tódalas materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- k) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- l) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en tódalas linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- m) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

6.2 Obxectivos de Coro

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuir á unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.



- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras. Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

7 Contidos de Coro

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura á vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros ámbitos culturais.



8 Avaliación de Coro

8.1 Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto -ou a correspondente repartición- calquera das obras programadas durante o curso.

Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección.

- Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.

- Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura á vista.

- Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade.

Trátase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos.

-Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido.

- Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.



8.2 Mínimos esixibles

Para poder optar a aprobar a asignatura, deberá conseguir na media de todas as probas a calificación de 5.

- Reproducir en cuarteto -ou a correspondente repartición- a das obras programadas durante o curso.

Mediante este criterio trátase de valorar a capacidade de articular e afinar con corrección.

- Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda.

Este criterio trata de avaliar a capacidade de articular e afinar con corrección á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.

- Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade da destreza de lectura á vista en obras tonais.

- Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade da destreza de lectura á vista con motivos imitativos.

-Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado.

Este criterio trata de valorar a capacidade para articular e afinar con corrección dunha obra sen as indicacións e montaxe realizada polo profesorado.

- Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapason.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.



8.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

A. Inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detectar o nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así como se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou cognitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa.

B. Procesual: durante o curso o profesor tomará nota do progreso do grupo e dos alumnos/as. Tamén se terá en conta o comportamento e o esforzo a nivel individual. A cada obra rematada seguiralle unha proba que consistirá en interpretar a razón de un só alumno por voz, avaliando a técnica e a correcta interpretación (afinación fraseo, respiración, colocación da voz, integración da voz no grupo...)

C. Final: en cada avaliación cada alumno será capaz de interpretar correctamente as obras do repertorio traballadas durante o mesmo, así como repentizar a primeira vista e a capella un fragmento dun nivel adecuado ó seu curso. Na avaliación final valorarase do mesmo xeito: obras do repertorio, repentización a vista e a capella.



8.4 Criterios de cualificación

A cualificación terá carácter numérico de 1 a 10 e a nota final corresponderá á seguinte ponderación:

TÉCNICA (40%) 20% Observación de aula 20% Proba de cada avaliación	relaxación, respiración, emisión, empaste, hixiene postural, coñecemento da xestualidade da dirección
ESTÉTICA (40%) 20% Observación de aula 20% Proba de cada avaliación	interpretación adecuada ao estilo e autor, e fidelidade á partitura
APROVEITAMENTO DO ENSAIO (20%)	participación na aula e nos concertos programados, respecto aos compañeiros e compañeiras e ás creacións alleas, contribución responsable nos ensaios e valoración do silencio como marco imprescindible do feito musical



8.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno ou alumna teña superado os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estén de acordo. Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

8.6 Medidas de recuperación

Os sucesivos contidos asimilados, iranse integrando progresivamente ós xa estudados, de xeito acumulativo ó longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados poderán requirir actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos. Estas poderanse realizar durante o mesmo ou nas seguintes avaliacións, xa que as obras a interpretar ó longo do curso, facilitan este tipo de actividades, por medio de probas de atril, intervencións en clase, observación directa.

8.6.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Naqueles alumnos e alumnas matriculados que non se pode contar con evidencias na observación de aula realizarán unha proba que consistirá en:

- Interpretación solística da parte correspondente ás obras do repertorio traballado no curso ou en conxuntos con outra/s das voces da peza que pode ser interpretada polo profesor/a, outros alumnos ou tocada ao piano. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesor.
- Lectura a primeira vista dunha das voces dun fragmento coral. O alumno disporá de 10 minutos para a súa preparación.

A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios, ponderándose nun 80% o primeiro e nun 20% o segundo.



8.6.2 Probas extraordinarias de Xuño.

No caso daqueles alumnos que non superaran a avaliación ordinaria, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria de Xuño.

Igual que na avaliación ordinaria, o alumno ou alumna interpretará unha ou varias das obras do repertorio previstas durante o curso a elección do profesor, a solo ou en conxunto con outra/s das voces da peza que pode ser interpretada polo profesor/a, outros alumnos ou tocada ao piano. Así como unha lectura a primeira vista dunha das voces dun fragmento coral. O alumno disporá de 10 minutos para a súa preparación.

A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios, ponderándose nun 80% o primeiro en un 20% o segundo.

9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos una hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración incluíranse os obxectivos non acadados de cada unha das especialidades.

10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxectivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para relizar dita valoración.



11 Recursos didácticos

Traballaranse ó longo do curso obras polifónicas a 4 voces mixtas con formación SATB ou con 3 voces coa formación SAB, ambas formación preferentemente co apoio de piano, aínda que por abordar distintas estéticas de distintos periodos será preciso tamén o traballo de repertorio *a capella*.

As obras polifónicas seleccionaranse de entre o amplo repertorio de polifonía de tódalas épocas e países, facendo dentro do posible un percorrido por períodos históricos diferentes.

A selección do repertorio traballado durante o curso dependerá do equilibrio e calidade das voces presentes no grupo e da evolución do propio coro.



12 PROBAS DE ACCESO

12.1 Probas de acceso 2º a 6º de grao profesional

As probas realizaranse en xuño e formarán parte dunha única PROBA TEÓRICA PRÁCTICA na que se valorarán os coñecementos de coro, e as outras materias que correspondan coma piano complementario, harmonía, análise, historia da música e linguaxe musical, etc.

A proba de CORO consistirá na entoación a primeira vista dun obra seleccionada e/ou fragmento, sendo a mesma proba coa que se avaliará os coñecementos correspondentes a Linguaxe Musical.